Descargar unha animación Flash con Download Embedded e inserila en Notebook de Smart

Download Embedded é unha extensión para o navegador Mozilla Firefox que detecta os elementos integrados nunha páxina e che posibilita a súa descarga. Esta extensión permíteche descargar elementos como vídeos, mp3, quicktime ou **animacións flash** que poderás integrar nas túas presentacións.

Cando Download Embedded detecta unha posible descarga, che aparece unha icona en forma de frecha na barra de estado, non tes máis que facer clic na frecha e poderás visualizar unha lista de todos os elementos integrados na web, seleccionar que che interese e descargalo.





Unha vez descargada a animación flash, podes inserila doadamente nun presentación creada co software Notebook de Smart, para iso abonda con pulsar en **Inserir / Arquivo flash,** seleccionar o arquivo flash descargado (extensión .swf) e xa tes a animación en Notebook.



Poleas:

Esta extensión non funciona con vídeo integrado en flash, polo tanto non serve para descargar vídeos de sitios como Youtube.